

CASTELAO, OS NENOS E A INXUSTICIA

M^a XOSE COSTA ALCALDE

Para comprender o que quero decir dentro desta pequena comunicación penso co mellor camiño que se pode coller é remontarse cara atrás no tempo ata chegar ó momento en que cada un de nós se situe na nenez do ilustre rianxeiro. Para elo non hai máis que darlle corda ó reloxo do tempo deixándonos levar pola corrente ata o ano 1886 no que nace no pobo mariñeiro de Rianxo o que co tempo había de chegar a ser o máis afouto defensor dos dereitos de Galicia. Nace na humildade dunha casa mariñeira onde, como en tantas outras, vívese do peixe que ven as redes. O seu pai, Mariano Rodriguez Dios, decide dramaticamente ao seguinte deste nacemento marchar as Américas en busca de fortuna. Na casa quedan Danieliña e maila súa nai, viuda dun vivo. O que quero facer ver é que Castelao xa dende neno veuse marcado por unha das tantas traxedias desta sangrante terra, tantas veces repetida que terminará por parecer a cousa máis natural. Ao pai vánlle ben os negocios na Arxentina e vai facendo fortuna. A suficiente como para que ós poucos anos, no 1895, chame ó seu lado a muller e ó pequeno Daniel que daquela xa aprendera a falar e leer castelán na escola pública de Rianxo rexentada por D. Xosé "O Toco" (1). Alá partiron nun barco cheo de seres que iban buscando o mesmo que eles: a prosperidade ca súa Terra lles negaba. Instalados na Pampa pasarán alá cinco anos ata co pai pensa na formación do fillo e dáse conta que deben retornar para có raparigo estudie. Voltan en 1890 enriquecidos a esto marcará a vida do pequeno porque tendrá a posibilidade de estudar en Santiago e de facerse médico nuns anos nos que só podían chegar a este cume os sectores privilexiados da sociedade. Pero o destino de Castelao non estará en curar enfermos, o seu oficio vai ser máis difícil porque tratará de curar a alma de todo un pobo. Cas súas caricaturas sacará a luz cun fino bisturí as chagas e dores da súa Patria, todolos complexos de inferioridade da súa Galiza.

Este pequeno que coñeceu a pobreza, que anduvo cos pes descalzos, que sufriu a emigración, que sinteu a "saudade", ese "corazón dando sombra" que algunha vez lle chamará Joao Guimaraes, ao que na escola lle falaron nun idioma alleo ó que él empregaba para chamar as cousas máis queridas polo seu nome: nai, Rianxo... que se criou en medio de traballadores galegos do mar e da terra... (2) ese picariño sempre viveu no corazón do Castelao adulto, e de ahí asomou de vez en cando nas caricaturas e noutras manifestacións da súa arte para mostrarnos

(1) Núñez Bua, Xosé, *A Nosa Terra* (Bós Aires) 32, nº 474, Edic. facsimil, Pontevedra Asociación Cultural, 1983.

(2) Inspirado nun discurso pronunciado nas Cortes en 1931.

as dores e aldraxes que nunca chegará a esquecer. Este recordo có tempo convertiu en forte aguillón lacerando a súa alma e o que Castelao aproveita para indicar a súa profunda protesta. El tratou durante toda a súa vida que outros rapaces como eses que aparecen dibuxados non chegaran a sentir as feridas que él e eses picariños sentiron. Veleiquí algúns dos exemplos que me propoño comentar:

- ¿Que miras? - Como comen
- A ti no te pusieron nada los Reyes, porque tu papá es republicano ¿sabes?
- ¿Cuánto año tiene? - Non temos año ningún; temos unha ovella.
- Non veñas a pedir a miña porta - E pois logo a ver cando ven vostede a pedir a miña.
- ¿E papá volverá rico? - Abonda que veña san, meu fillo.
- ¿E pra que son os deputados? - Eu non o sei meu fillo.

Como se pode notar deseguida estoume referindo somentes a aqueles casos onde a glosa de carácter social xurde do diálogo dos picariños nos deseños e grabados de Castelao. Casos hai en que os rapaces actúan como elementos de descripción na obra do noso autor e aos que, naturalmente, teremos que ter en conta mais, só como necesarios pra millor comprensión desta sinxela comunicación. Déixenme insistir eiquí en que estos diálogos dos pequenos teñen sido escolleitos para observar atentamente a inxusticia tal e como eles se decatan dela. A resposta dada polo artista cando alguén lle preguntou porqué non representaba as cousas amables de Galicia e os fermosos paisaxes que nela existen non fan máis que confirmar o xa dito: "Porque eu non lle teño vocación de estupefaciente". Él retrata en cruas estampas a eses pequenos seres de fracos corpiños vítimas da crueldade dese mundo que aínda non construíron e que xa lle ven dado cheo de acidumes de desigualdades, de incomprensións e de egoísmos.

Castelao foi un rebelde e a súa rebeldía tórnase liberadora para todos aqueles que él ve e pinta magnificamente nos seus grabados e caricaturas.

Supen polo azar que no ano 1924 durante a dictadura de Primo de Ribera, o arzobispo Lago inaugurou as obras que Castelao presentaba no vello S.E.G. en vez dun discurso. O pasar por diante dunha delas que ó igual cas outras se achaba co pé tapado ao arzobispo asomoulle unha sorrisa nos beizos que foi seguida deste comentario: "-Ou caíu o pé ou lémbrome que eiquí decía -¿Que comerá o rey? -Comerá... comerá... sucre". Acompañábao o teniente coronel Maristany que deseguida lle susurrou: "Teña coidado que está aquí o delegado gubernativo", este pequeno exemplo constituíe unha mostra máis do temor cas dictaduras teñen a aqueles que lle chaman as cousas polo seu nome e permítenos ver a hipocrixía dunha sociedade na que ninguén quere saber cos pobres existen nin tan siquiera a través duns "chistes" nos que os portagonistas son nenos. Sen dúbida estaba falta do sentido do humor. Claro que como decía Mark Twain: "Debaixo do humorismo hai sempre unha gran dor; por eso no ceo non hai humoristas" (3). E eso é o que hai atrás os mal chamados "chistes" de Castelao. A realidade circundante impídelle rirse simplemente, o seu humorismo vai dirixido a furar no senso do espectador para chegar a moverlle o interior, a desacougalalo e inclinalo cara ó ben.

(3) *Cousas de nenos*, Edit. Galaxia, Vigo, 1968.

Son lategadas fulminantes sobor da conciencia e atopa entre outros temas, no mundo dos rapaces un bó petadeiro para actuar sobor dela. E moi difícil ficar imune a cousas como -"Ai miña nai ¿porqué o maistro non fala como nós?" ou a este outro -"Si me tocase a min a loteria compraba pan..." Deste modo as caricaturas que cheas de luz ábrenlle os ollos ó noso entendimento son en realidade pinturas negras cubertas dese humorismo galego baixo o que latexa a socarronería. Creo convinte facer unha pequena diferenza entre o que é o humorismo, a ironía e a socarronería. Tal e como están expostas mostran un grado de dor que vai en alza cara ó final. O humorismo de por si non fire, orixínase nun estado previo e temperamental de tenrura, estado psicolóxico típico do "enxebriemento" galego no que reaximos ante a dor cunha piadosa sorrisa (4). A ironía é esa retransa choqueira que forza a sorrisa, mais a derradeira, a socarronería é como unha espiña que forza á reflexión porque rabuña máis fondo (5). Respirose moita amargura tenra nos grabados dos rapaces do noso artista: -"O que sinto eu e que algún que maltratou a miña nai morra denantes de que eu chegue a home"; -"É meu irmanciño terá de sair da terra para ganalo pan". A alma de Galicia que él soubo reflexar tan ben é socarrona, cualidade mais campesina que urbán que encerra unha filosofía chea de dúbida, de esperiencia e de receio. Nunha conferencia que él dou dixo: "Mais un galego é sempre socarrón ou humorista e a socarronería é o humorismo dos incultos así como o humorismo é a socarronería dos cultos" (6). E a realidade lastimosa da Terra ó que lle obriga a trocar a risa pola mordedura. Buscou a verdade e topou con ela. Ao igual que outro home, Goya, anterior e nembargantes semellante, retratou este cuarto escuro da sociedade, eses trastos incómodos que ninguén quere ver porque non teñen dulzura, -íeses parentes pobres tan incómodos! -"Toma iste café ¿si? meu meniño, que custa dous réas". Os dous artistas, cada un no seu tempo mostraron as feridas das cá sociedade fose porque non quere ollar a sordidez que ela mesma enxendra. Resúltalle máis pracenteiro taponar os sentimentos e chegar a facer realidade o Capricho goyesco: "O sono da razón produce monstruos". Semella ser algo así como o que ocorre ca cara oculta da lua da que todos temos coñecemento e nembargantes fica para nós sempre nas tebras. A insensibilidade cria a cegueira voluntaria. Paradoxicamente os dous padeceron un defeito físico: Castelao a cegueira e Goya a sordeira cós levaron a "profundar" nos recovecos da alma abríndolle as portas a eses buracos do inferno cotidiano. Trascenden o localismo e tocan as cordas máis finas das liras e dos acordeóns que cadaquén leva dentro de sí pulsando eses temas que son universais: o paso do tempo, a crueldade dos homes, a liberdade, o poder e a forza, as "inxusticias da xusticia" (7), a impotencia dos menesterosos fronte ao manexo das leises escontra súa: -"Un padrenuestriño para que Deus nos liberte da xusticia" ou o Capricho goyesco "Qual la descañonan!". Por ser pasaron por circunstancias tan

(4) Blanco Amor, "Castelao, dibujante y escritor humorista", en *Castelao 1886-1950*, Ministerio de Cultura, Madrid, 1986.

(5) Joaquín Pesqueira, "Castelao y el humorismo gallego", *Idem*, I.

(6) Castelao, *Humorismo. Dibuxo humorístico. Caricatura*, 1920, Publ. R.A.G.

(7) Filgueira Valverde, *Limiar de 175 dibuxos de Castelao*, Edít. C.A. Santiago.

semellantes que cada un pola súa banda sufriron a barbarie duns conflitos nos que ninguén gañou ren, só a besta do home campeou e bailou sobre os mortos para vergoña da humanidade, pero ambol-dous atoparon inspiración para facer uns grabados que conmoveron a miles de persoas pola violencia e a ira que neles aniña. Estoume referindo a "Os desastres da guerra" do xordo e a "Galicia mártir", "Atila en Galicia", e "Os milicianos" do cego. Outro elemento en común atopámolo na utilización deses pequenos pés, frangullas exquisitas de literatura imposibles de arredar do dibuxo tan expresivas como: -"Bueno... e logo como son os cangrexos de Madri? -Encarnados". Pero a crítica tense preguntado cal das dúas artes sae máis beneficiada do elemento plástico co elemento literario ou é a inversa? Difícil resposta que prefiro deixar ao parecer de cada quen pois eu non descubro solución axeitada.

Ainda existen máis nexos de unión, os dous beben en fontes populares, van en pos da verdade que atopan na xente chá. Utilizan expresións que nos mostran a sabencia tradicional, algunhas frases voltaron ao pobo de onde viñeran; así espalláronse o "mexan por un e ten que decir que chove", etc. no caso do galego e o "Ya tienen asiento" para asinarse, "Que pico de oro", etc. no caso do aragonés. O artista chega a sentir a dor do seu pobo enraizada no seu corazón como si fora a súa propia dor. Por eso son populares, é algo semellante ao ocorrido con Rosalía. Goya e o Valle-Inclán dos esperpentos son os antecedentes máis claros de Castelao, a Galicia eterna e forte, non a doce de exportación, faise presente vestida cas caretas esenciais do seu xesto rural. Castelao nos seus logros expresivos é a mellor ilustración das obras valle-inclanescas (8). A dura temática está presentada neles como caricatura social.

Finalmente gustaríame facer referencia breve ó papel xogado por Castelao dentro do ámeto estrito da galegitude. El recolle o lume sagrado encendido polos Precusores. De Rosalía a Curros arrinca máis directamente que de ningunha outra fonte a súa revolta (9). Eles son os seus devanceiros na protesta social. Non foi un exemplo de artista e intelectual isolado sinón que se formou nunha constelación xeneracional que significou para Galicia o que en tempos viña a ser a Vía Láctea para os peregrinos a Compostela. A via para a recuperación do noso sentir nacional. Eles foron os guiceiros para unha patria sinón suicida como algún día lle chamou Castelao si asoballada. Dí Luís Seoane (10) cá pobreza, a bulra, o desprezo, o asoballamento, a afronta, o sufrimento, a morte foron os motivos que serviron a Castelao para soerguir a Galicia e todas estas mágoas aparecen reflexadas nos grabados dos nenos. Unha das xustificacións de que o artista teña empregado estos picariños como instrumentos para a expresión da inxusticia en abstrato e máis concretamente para a súa intrasferibel sensibilidade estará na selección deste periodo da vida do home polas características que ela ten en tanto que é esta a época na que o home se atopa máis indefenso e por elo pode ser atacado

(8) J.A. Durán, *El primer Castelao*, Edit. s. XXI, Madrid, 1981.

(9) Paz Andrave, V., *Castelao na luz e na sombra*, Edit. O Castro, Saca, A Coruña, 1982.

(10) Luis Seoane, "Castelao artista", *La Voz de Galicia*, 7-I-1975 (tomado do libro *Castelao artista* de Luis Seoane, Edit. Alborada, Bos Aires, 1969).

máis directamente que nunca polos mal faceres da humanidade. Eles, os nenos son o mellor espello para reflexar ese mundo noxento que xa lle ven dado así, como si todas esas cousas inxustificables que eles ven foran "cousas da vida" sendo como son casi sempre, cousas dos homes, só que cousas mal feitas. E este é o chamamento que Castelao fai cas caricaturas dos nenos con cousas como esta, derradeira xa nesta comunicación: -"¿E ti sabes os mandamentos da lei de Dios? -Non señor, porque como anda por ahi o runrun de que xa están suprimidos".